

Odisea a Londres

Como auténticos Ulises despregamos velas ao mencer, e ás 8 a.m. do sábado día 14 de maio estabamos alí todos pertrechados coas nosas maletas no aeroporto de Lavacolla, dispostas e dispostos a coller rumbo ao descoñecido, e ansiosos por conquistar a capital do Reino Unido.

Para algúns era a nosa primeira vez en avión, e moitos pasamos medo. Ben que se nos notaba no branco da cara, ou en como lle apertabamos a man á compañeira de asento ata cortarlle a circulación. Os corazóns soaban coa ansia de chegar canto antes. Nerviosos, e cos ollos arregalados de curiosidade, moitas ganas de vivir a experiencia, e saír por fin de Negreira, pisamos chan inglés! A volta... ben, nada que ver. De toda esta ansia só quedaron vultos tirados, xente esgotada e estricada nos asentos, afónica ou roncando coma se non houbera máis vida.



Londres recibíunos cos brazos abertos e nós abrímoslle o noso corazón. A cidade respiraba vida, modernidade, civismo, limpeza, xuventude... Como contrasta a

nosa vella Galicia, con tantos maiores, con esas rúas ateigadas de xente nova! No metro, nos bares, nos parques... mozos e máis mozos.

Todo o programado foi perfecto. Houbo tempo para a cultura e tamén para o lecer, e os profes vixiáronnos sen agobiar. Clara, moitas grazas por todo. Amancio, grazas polas túas explicacións sobre as... concentracións parcelarias inglesas, mais vas ter que nolo contar outra vez.

Os museos foron un capítulo moi interesante, aínda que non o creades. Moitos pensan que os adolescentes non temos inquedanzas culturais. Pois non é certo, gustounos e moito. Iso que estabamos esgotados trala “tranquiliña” noite... que pasamos.

A uns gustoulles a National Gallery, ver en directo retratos de reis e raíñas e outros cadros tantas veces estudados nas aulas de Sociais. Foi emocionante. Outros namoraron de Exipto e Mesopotamia no British Museum, e case todos *pasámolo pipa* vendo os dinosaurios.

A visita ao colexio español *Cañada Blanch* tamén foi unha experiencia moi bonita. Nós falámoslles de Manuel María, recitamos poemas, dedicámoslles cancións e vídeos de saúdo rodado no noso instituto, que, por certo, quedaron moi chulos. Vimos o que eles prepararon coa súa profe de galego para celebrar o Día das Letras, mais, sobre todo, fixemos amigos e amigas, relacionámonos, coñecemos vidas diferentes, intercambiamos pareceres e, todo en galego!!! Unha de nós atopou alí un veciño da súa aldea que vén pasar a Galicia os veráns! Foi moi emocionante.

E que dicirvos de como gastamos os cartos de papá e mamá no Candem Market ou no mercado de Portobello. Como gozamos do ambiente que alí se respiraba, das pintas da xente, das comidas dos postos, das rúas tan fermosas nas que estaban os mercados...

E xa non vos dicimos nada desa primeira mañá derrotados, tirados nas escaleiras da National Gallery no corazón de Londres, na praza de Picadilly!!! Cos autobuses vermellos de dous pisos pasando sen fin, os anuncios publicitarios xigantescos na famosa esquina de Picadilly, con actuacións de rúa, músicos, mimos... Pero que nivel! Algún non o daba crido. Quen quereía volver a Negreira? “Quero vivir aquí” era a frase máis escoitada.

Mais houbo que volver... Oooohhhh! Esgotados e mal durmidos, mais nunha viaxe máis cómoda ca a primeira, demos cos nosos corpos maltreitos nos asentos do avión. Satisfeitos e felices pola experiencia



vivida tan chea de cousas, con tantos momentos gloriosos, eses que non esquecerás nunca, para algúns de nós, a mellor da nosa vida...

Polo de agora!!! Deunos moita pena marchar, deixar esa cidade fermosa, moderna e chea de xente amabilísima. Hai que romper co tóxico de que os ingleses son maleducados ou desagradables. Ao contrario, *friendly and sociable people*. Coas “grazas” e “perdón” sempre na boca, e sempre atentos ante calquera pregunta ou demanda nosa.



Grazas outra vez Clara. Grazas Amancio, por guiarnos nesta odisea e traernos sans e salvos á nosa pequena Ítaca nicraniense e deixarnos ver que hai un mundo increíble e maravilloso agardando por nós.

Alumnado da Sección Bilingüe 3º ESO
Curso 2015/2016

LITTLE GALICIA

Un ano máis, alá fomos. Iniciamos a viaxe cargados de nervios -hai quen nunca voara...-, de curiosidade -isto é como Google Earth, pero de verdade!-, e da ilusión por descubrir que nunca deberíamos perder.



E todo foi como soñabamos: o Big Ben era realmente BIG (e en HD, polo visto). As cabinas de teléfono eran vermellas e os autobuses tiñan dúas plantas. Mais hai algo que non aparece nas películas nin nas guías de viaxe: un recuncho de Londres onde cada ano atopamos unha mancha de rapaces e rapazas que nos falan de nós mesmos, da nosa historia, desa outra Galicia que saíu polo mundo e soubo atopar o seu lugar sen perder a súa memoria. Sempre que atravesamos o portón do Cañada Blanch é coma se cruzásemos ao outro lado do espello. Saes de Portobello Market e apareces na túa casa.

Non sei se este grupiño negreirés lembrará, dentro dun par de anos, ao matrimonio Arnolfini ou os frisos do Partenón. Mais sei que non esquecerán xamais como se pode rapear a Manuel María nun escenario londinense, como se pode falar galego de Santa Comba e pensar en inglés, como se vive Galicia cando non se pode vivir en Galicia. E iso é o que traemos de volta. Porque o que as viaxes nos achegan non só é un percorrido polos fitos xeográficos, artísticos ou históricos. É un achegarnos á xente que habita eses lugares e que fai que mereza a pena coñecelos.

Clara C. Rodríguez Núñez
Coordinadora da Sección Bilingüe do
IES Xulián Magariños